

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Anuncio da Ordenanza reguladora do uso e xestión das praias deste Concello de Laxe

Unha vez rematado o prazo para reclamacións da presente ordenanza, cuxa aprobación inicial a efectuou o Pleno da Corporación na sesión do 17 de xullo de 2009, e logo de que o seu anuncio se publicou no BOP núm. 197, do 8 de setembro de 2009, sen que houberse reclamacións, ó quedar esta definitivamente aprobada procédese deseguido á publicación do texto articulado da dita ordenanza:

ORDENANZA REGULADORA DO USO E XESTIÓN DAS PRAIAS DO CONCELLO DE LAXE

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º. Obxecto.

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o uso das praias do Concello de Laxe conxugando o dereito de todos a gozar das mesmas co deber que o Concello de Laxe -no marco das súas competencias- ten de velar por unha utilización racional das mesmas e, en particular, regular as condicións xerais de utilización e goce polos usuarios da praia en orde á seguridade, a saúde pública e a protección do medio ambiente. Así mesmo esta presente ordenanza ten tamén como finalidade regular a xestión que das praias municipais ten que facer o Concello de Laxe.

Artigo 2º. Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza será de aplicación ás praias de Laxe, Soesto, Arnado e Traba, diferenciándoas en dous grupos: A praia urbana de Laxe dotada de tódolos servizos para os bañistas e as praias de Soesto, Arnado e Traba que gozan dun alto valor medioambiental. Así mesmo as praias de Soesto, Arnado e Traba están incluídas na Rede Natura 2000, e por tanto suxeitas á lexislación medioambiental autonómica, estatal e europea. As restantes praias, calas ou coidos quedan excluídos do ámbito de aplicación desta ordenanza.

Artigo 3º. Competencia.

A competencia nesta materia queda atribuída á Concellaría Delegada de Deportes e Praias do Concello de Laxe, ou o departamento que asuma estas competencias nunha futura reorganización do organigrama municipal.

Sen embargo, esta competencia non inhibe das propias ao resto de Concellarías no que á materia obxecto desta Ordenanza lles puidese afectar.

A presente ordenanza municipal respecta e asume o establecido naquelas leis, normas de rango superior e decretos tanto autonómicos, estatais como europeos aplicables ás praias, e en especial a Lei 22 / 1988 de 28 de xullo así como o Regulamento Lei de Costas aprobado en Real Decreto 147/1989 de 1 de decembro de 1989.

Artigo 4º. Definicións. Sinalización preventiva

A efectos da presente Ordenanza, enténdese como:

a) Praias: Marxe, beira ou ribeira que rodea as augas de baño continentais ou marítimas, en superficie case plana que teñan ou non vexetación, formadas pola acción da auga ou do vento ou por outras causas naturais ou artificiais.

b) Augas de baño: Calquera elemento de augas superficiais onde se prevea que poidan bañarse un número importante de persoas ou exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño e no que non exista unha prohibición permanente de baño nin se formulara unha recomendación permanente de absterse do mesmo, onde non exista perigo obxectivo para o público.

c) Zonas de augas de baño: Area xeograficamente delimitada dun termo municipal composta por unha praia e as súas augas de baño.

En todo caso, entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada ao efecto. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias ou 50 metros no resto da costa.

d) Zona de varada: Aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente listadas.

e) Acampada: Instalación de tendas de campaña, parasoles non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.

f) Campamento: Acampada organizada e dotada dos servizos establecidos nas normativas vixentes.

g) Bandeiras de sinalización de habilitación para o baño: Determinarán a aptitude das condicións das augas para o baño.

As Bandeiras clasificaranse por cores indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:

· Verde: Apto para o baño.

· Amarela: Precaución. Permitirá o baño con certas restricións.

Prevén dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou debido á existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

· Vermella: Prohibido o baño. Prevén dun grave perigo no baño para a vida ou saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

No entanto, as bandeiras anteriores poderanse complementar con outras que indiquen concretamente o perigo a previr.

h) Animal de compañía: Todo aquel ser vivo que, doméstico ou silvestre, é mantido polas persoas coa finalidade de vivir con elas, asumindo as responsabilidades inherentes á súa convivencia, sen que exista actividade lucrativa algunha sobre el.

i) Pesca marítima de recreo: Enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen retribución algunha e sen ánimo de lucro.

A pesca marítima de recreo poderá ser exercitada en superficie, desde embarcación ou a pé desde a costa, e submarina, nadando ou mergullando a pulmón libre.

j) Tempada de baño: É o período de tempo en que pode preverse unha afluencia importante de bañistas, tendo en conta os usos ou costumes locais.

A efectos da presente Ordenanza enténdese por tempada de baño o período comprendido entre o día 15 de xuño e o 15 de setembro de cada ano, aínda que o Concello de Laxe poderá variar ditas datas en función das circunstancias climatolóxicas.

Artigo 5º. Apercibimento.

A autoridade municipal ou os seus axentes, poderán apercibir verbalmente aos que infrinxan calquera das disposicións contidas na presente Ordenanza, a fin de que de forma inmediata cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, iso sen prexuízo da incoación de expediente sancionador cando cumpra, ou no seu caso, se emitise parte de denuncia á Administración competente.

O persoal de salvamento ou socorrismo apoiará aos anteriores no labor de información do establecido na presente Ordenanza, comunicando particularmente as infraccións á mesma e apercibindo ao posible infractor que de persistir na súa actitude trasladarán denuncia á Autoridade.

O público bañista queda obrigado a seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poidan realizar os servizos de Salvamento e Socorrismo, así como cantas disposicións existentes ou que poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

TÍTULO II A PRAIA DE LAXE

Artigo 6º. Introducción

A presente ordenanza diferencia dous tipos de praias: A praia urbana de Laxe e as praias de Soesto, Arnado e Traba que posúen un alto valor medioambiental e están protexidas pola normas que regulan a rede natura 2000.

A praia de Laxe localízase ó carón do núcleo urbano de Laxe, e por tanto é a única praia do Concello de Laxe dotada de servizos para os bañistas.

O presente título ten como finalidade regular o uso da praia de Laxe, que se está a converter nos últimos anos no motor de promoción turística de todo o concello de Laxe.

O Concello de Laxe asume como principio reitor da xestión desta praia a consecución, mantemento e preservación de diferentes distintivos de calidade que contribúan a mellorar a calidade dos servizos que se prestan así como que contribúan a mellorar o prestixio da mesma entre os turistas que nos visitan ou entre os que nos pensan visitar.

O Concello de Laxe fará partícipes destes logros a toda a comunidade implicada na promoción turística do Concello de Laxe, e en especial ós hostaleiros e comerciantes que poderán incluír na súa promoción o estaren ó carón dunha praia con bandeira azul ou Q de calidade turística.

Especialmente o Concello de Laxe conseguirá e manterá, segundo as súas posibilidades, a bandeira azul e a Q de calidade turística. Por esta razón, as autoridades municipais establecerán os mecanismo necesarios para poder contar tódolos anos con bandeira azul e/ou Q de calidade turística.

CAPÍTULO I NORMAS DE USO

Artigo 7º. Uso común xeral

A utilización da praia de Laxe será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordes coa natureza daquela, sempre que se realicen de acordo coas leis, regulamentos, e coa presente ordenanza.

O paseo, a estancia e o baño pacífico na praia e no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso.

Non se permitirá o uso de aparellos sonoros ou instrumentos musicais cando polo seu volume poidan molestar ao resto dos usuarios da praia.

Queda prohibido dar, un uso diferente ao que lles é propio, ás duchas, lavapés, aseos situados nas praias, así como limpar os utensilios de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou xampú ou calquera outro produtor deterxente. Ao mesmo tempo, fomentárase o aforro na utilización da auga.

En todo caso, a utilización de calquera outro elemento do mobiliario urbano, en xeral, corresponderá ao fin para o cal está destinado.

Artigo 8º. Autorización municipal.

A realización de calquera tipo de actuación ou disposición de obxectos, aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación da presente ordenanza, deberá dispor da preceptiva autorización municipal.

CAPÍTULO II LIMPEZA E HIXIENE DA ZONA DE BAÑO E A CALIDADE DA AUGA

Artigo 9º. Mantemento da limpeza

No exercicio das competencias que a vixente ordenación xurídica atribúe ao Concello de Laxe en relación á limpeza das praias deste termo municipal, realizaranse as seguintes actividades na praia de Laxe:

a) Retirada das praias todos aqueles residuos que se mesturan cos materiais soltos (area, grava, etc.) da súa capa superficial ou dispostos na mesma.

b) Baleirado e limpeza das papeleiras públicas e demais recipientes de residuos sólidos dispostos nas praias.

c) Retirada de algas, no caso de que iso sexa necesario.

d) Retirada de animais mariños mortos (medusas, aves, mamíferos...).

O Concello de Laxe disporá a instalación de papeleiras ao longo de toda a praia, dependendo das necesidades de cada zona. Na praia de Laxe haberá colectores de recollida selectiva de lixo cada 50 metros. A limpeza da praia de Laxe se realizará diariamente en temporada de baño, e de forma casual, segundo as necesidades que se observen, fóra da tempada de baño.

Artigo 10º. Concienciación cidadá

O Concello, por se mesmo ou a través do servizo de socorrismo ou da Oficina de Información Turística, poderá realizar campañas de sensibilización ambiental e protección do medio ambiente mediante as accións divulgativas que estime oportunas.

Queda prohibido calquera acto que puidese ensuciar a praia de Laxe, estando obrigado o responsable á limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos.

Artigo 11º. Residuos

a) Queda prohibido aos usuarios da praia ou da auga do mar arroxar calquera tipo de residuos á praia ou ao mar como papeis, restos de comida, latas, botellas, cascas de froitos secos, ..., así como deixar abandonados nas mesmas mobles, carriños, caixas, embalaxes, ... debéndose utilizar as papeleiras ou colectores que se instalen a tal fin.

b) O depósito de ditos residuos realizaranse nos correspondentes colectores que ao efecto se atopen distribuídos pola praia ou nas proximidades dos accesos principais.

c) Desde o Concello realizaranse campañas de concienciación cidadá para evitar estas accións tan prexudiciais para todos. Calquera infracción a este artigo será sancionada, quedando ademais o infractor obrigado á recollida dos residuos por el arroxados.

Os servizos de tempada e toda ocupación de vía ou espazo público, obxecto desta Ordenanza, deberán aterse aos horarios establecidos polo Concello de Laxe para depositar os lixos provenientes do desenvolvemento da súa actividade.

En orde a manter a hixiene e salubridade, este Concello adoptará as medidas oportunas de control dos verquidos e depósitos de materiais.

Artigo 12º. Normas de carácter hixiénico-sanitario

Non estará permitido:

- a) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia.
- b) Lavarse no mar ou na praia utilizando xabón, xel, xampú ou calquera outro produto similar.

O Concello ten instalada na praia de Laxe varios aseos fixos e asume a necesidade de instalar máis aseos noutros puntos desta mesma praia. Sancionárase o uso diferente ao que lle é propio como, como xogar, limpar os aveños de coíña, lavarse utilizando xabón, xel ou xampú ou calquera outro produto deterxente, pintar, deteriorar, etc., sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse.

Naquelas zonas onde se realice algún tipo de actividade, xa sexa permanente ou temporal, os seus responsables deberán manter durante o exercicio das mesmas, as debidas condicións de limpeza e salubridade.

Co fin de facilitar a limpeza das praias, durante a tempada de baño non se permitirá instalar calquera elemento que entorpeza o paso dos servizos de limpeza dentro do período horario que regulamentariamente se estableza.

Os titulares dos servizos de tempada están obrigados a evitar que se produza acumulación de lixo na zona onde estean implantados, polo que deberán proceder á limpeza da mesmas coa frecuencia adecuada á intensidade do seu uso, depositando os restos nos colectores habilitados para iso.

Artigo 13º. Deposito de residuos.

a) Non se permite realizar nas zonas habilitadas para o baño da praia de Laxe e dentro da tempada de baño, faenas de limpeza de artes e aveños pesqueiros así como de mantemento de embarcacións.

b) Quen vulnere esta prohibición, a requirimento verbal dos axentes da autoridade, deberán retirar de inmediato os residuos que se produzan e proceder ao seu inmediato depósito nos lugares establecidos por esta e outras ordenanzas municipais e sen prexuízo da sanción que lle poida corresponder.

Artigo 14º. Seguridade

En orde á seguridade dos usuarios da praia de Laxe e ao mantemento e hixiene das mesma prohibese:

a) Realizar lume directamente no chan da praia (areas, pedras ou rochas), agás naquelas datas que por especial significación se autoricen expresamente por parte do Concello e polos organismos competentes.

b) O uso de bombonas de gas e/ou líquidos inflamables nas praias. Exclúese a subministración de excepción do combustible utilizado para prover os motores das embarcacións nas zonas de varada, cuxa manipulación haberá de realizarse seguindo as máis estritas normas de seguridade e baixo a responsabilidade da persoa que o realice.

c) Cociñar na praia.

Artigo 15º. Dereito de información

a) Os usuarios terán dereito a ser informados polo Concello da falta de aptitude para o baño das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes.

b) A tal fin o Concello facilitará, a quen así o solicite, información actualizada das calidades das augas do baño.

O Concello dará a publicidade necesaria aos informes sobre a calidade das augas que se emitan durante a tempada de baño.

CAPÍTULO III OS EMPRAZAMENTOS

Artigo 16º. Autorizacións

1º.- O emprazamento de calquera tipo de instalación deberá contar coa preceptiva autorización municipal e reunir as condicións sinaladas con carácter xeral na presente Ordenanza e na lexislación específica que regule a actividade que se pretende exercer.

É potestade do Concello, no exercicio das súas competencias, e co fin de acadar o obxectivo previsto nesta Ordenanza, establecer as zonas onde se pode ou non emprazar e exercer os distintos servizos e actividades no ámbito de aplicación desta Ordenanza.

2º.- No que respecta ás concesións, autorizacións e licenzas, esta Ordenanza remítese ás disposicións municipais xa existentes e que regulan de forma específica todos os requisitos e condicións do seu outorgamento.

Non se permitirá a delimitación, polos particulares, da zona obxecto de concesión.

Todos os elementos que se instalen no espazo público, obxecto desta Ordenanza, deberán responder aos requisitos de homologación de acordo á súa normativa específica de normalización. Este requirimento é preceptivo para autorizar a súa instalación.

3º.- Será obriga do titular ou concesionario manter as instalacións e elementos permanentes nas debidas condicións de seguridade e hixiene. Para ese efecto, disporá de todos os complementos mobiliarios dispostos para a recollida e evacuación dos residuos xerados. Así mesmo terán a obriga de colaborar en todo aquilo que lles afecte referido ao mantemento dos distintivos de calidade, en especial a Q de calidade turística.

Artigo 17º. Prevencións

Débesse respectar, en todo momento, os accesos peonís, escaleiras de accesos, postos de salvamento e socorrismo, rampas, etc.

Non se permitirá obra fixa no espazo público, obxecto desta Ordenanza, salvo a previamente autorizada, nin deixar restos de calquera elemento utilizado na actividade unha vez finalizado o prazo de autorización previsto.

Artigo 18º. Publicidade

Respecto dos soportes publicitarios e a publicidade comercial en xeral na zona de dominio público, esta axustarase ao establecido nas disposicións municipais que a regulen, ou no seu caso pola lexislación vixente que lle sexa de aplicación.

CAPÍTULO IV VIXILANCIA, SALVAMENTO, SOCORRISMO E SEGURIDADE NA PRAIA DE LAXE**Artigo 19º. Seguridade dos bañistas.**

En orde á prevención en materia de seguridade e salvamento, no seu caso, das vidas humanas, a praia de Laxe dispoñerá durante a tempada de baño de servizos de Salvamento e Socorrismo.

Os servizos de salvamento e socorrismo atenderán os postos de salvamento existentes na praia exclusivamente durante o horario que determine o Concello e que figure exposto nos cartéis indicadores situados na mesma praia.

Na praia de Laxe debe haber un servizo de salvamento, formado por un conxunto de medios humanos e materiais, que posibiliten a adopción dunha serie de medidas organizativas, de planificación e de seguridade e protección. As funcións deste servizo circunscríbense ás zonas balizadas para o baño ou sinalizadas mediante bandeiras e concretamente ás seguintes:

- Efectuar as tarefas de vixilancia continua da zona de baño, o socorrismo e o salvamento de persoas e a observación da contorna ambiental.
- Garantir a primeira atención sanitaria.
- A procura de persoas desaparecidas.
- A información sobre os recursos dispoñibles e o estado do mar.
- Izar as bandeiras en función do estado do mar e velar pola conservación dos sinais e do material destinado á prevención de accidentes, vixilancia, salvamento, socorro e transporte de accidentados.
- Informar aos usuarios das embarcacións con motor e de esquí acuático das prohibicións ou limitacións da súa práctica.
- Manter a zona destinada ao baño totalmente despexada de animais e obxectos que poidan presentar perigo para os bañistas.
- Sinalizar as zonas de baño de acordo coa clasificación establecida, modificando estas cando as circunstancias do tempo ou outras así o aconsellen.
- En xeral evitar toda clase de actividade que resulte perigosa para os usuarios.

Artículo 20. Das obrigas dos bañistas.

O público bañista queda obrigado a seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poidan realizar os servizos de Salvamento e socorrismo, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño ou fóra do horario establecido para os servizos de salvamento e socorrismo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

Tamén o farán baixo a súa exclusiva responsabilidade, aínda bañándose dentro da tempada de baño e dentro do horario establecido para os mencionados servizos, cando o fagan sen seguir as orientacións e indicacións dos servizos e fóra das zonas balizadas para o baño ou sinalizadas como tal mediante bandeiras.

Recoméndase ás persoas con algún tipo de diversidade funcional ou enfermidade para as que o baño poida constituír algún risco que poñan esta circunstancia en coñecemento dos servizos de salvamento e socorrismo a efectos de que adopten, no seu caso, as medidas pertinentes.

Artigo 21º. Persoal do Servizo de Socorrismo e Salvamento

Na prestación do Servizo de Salvamento e Socorrismo deberán intervir:

- a) Un/a Coordinador/a de Servizo.
- b) Un/a Responsable de Praia ou Posto.
- c) Un Socorrista Acuático por Torre de Vixilancia e/ou Proximidade.

(Na praia de Laxe haberá como mínimo 3 Torres de vixilancia e colocadas a 20 metros, aproximadamente, da lámina de auga).

d) Entre o persoal de socorrismo e salvamento deberá haber sempre alguén que dispoña de coñecementos técnico sanitarios ou de primeiros auxilios e un patrón por Embarcación de rescate.

O socorrista acuático permanecerá na súa área de responsabilidade non podendo exercer simultaneamente ningunha actividade engadida á asignada.

Todo o persoal que realice tarefas de salvamento, socorrismo e asistencia sanitaria, deberá dispor da titulación oficialmente recoñecida que lle acredite e habilite para o exercicio destas actividades profesionais.

Artigo 22°. Infraestruturas e equipamento.

Con carácter xeral os recursos materiais da praia de Laxe serían:

- a) Carteis informativos en cada acceso.
- b) Torres de Vixilancia e de Proximidade.
- c) Bandeiras de sinalización.
- d) Táboa de rescate.
- e) Equipo de salvamento.
- f) Material sanitario e botiquín de primeiros auxilios.
- g) Megafonía.
- h) Sistemas de comunicación.
- i) Embarcacións de rescate.

Artigo 23°. Postos de primeiros auxilios.

As características da instalación e equipamento do posto serán as necesarias para abordar unha primeira atención sanitaria e as posibles situacións básicas de urxencia ordinaria.

A praia de Laxe disporá como mínimo dun posto de primeiros auxilios.

Artigo 24°. Requisitos do posto de primeiros auxilios.

Os requisitos mínimos para o/os posto/s de primeiros auxilios:

- a) É imprescindible dispor de: luz eléctrica e auga.
- b) Terá sala de curas: piso e paredes de fácil limpeza e chan antiescorregadizo. Disporá de lavabo e/ou lavapés. Espazo para padiola de recoñecemento. Moble/andel e mesa para útiles, toma de datos, ...
- c) Mastís para a sinalización correspondente.
- d) Sistema de megafonía: a fin de informar e comunicar incidencias.
- e) Sistema de recollida de residuos sanitarios.

Artigo 25°. Vixilancia

- a) O Concello instalará as torres que considere necesarias a fin de vixiar adecuadamente a contorna das zonas de baño.

Nestas torres ou postos de salvamento, instalaranse mastís de sinalización que izarán as bandeiras necesarias de acordo ao establecido nesta Ordenanza.

Queda prohibido o baño cando se atope izada a bandeira de cor vermella.

- b) Os que vulneren a prohibición de bañarse cando se atope izada a bandeira de cor vermella, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou persoal de salvamento, deixarán de tomar o baño de inmediato, sen prexuízo de que vire parte de denuncia, en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.

Dependendo das necesidades e posibilidades na prestación do servizo poderase dispor a utilización de vehículos: embarcacións e motos acuáticas de rescate, vehículos de loxística e apoio.

SEGURIDADE

Artigo 26°. Balizamento das zonas de baño.

As funcións deste servizo circunscribíense ás zonas balizadas para o baño ou sinalizadas mediante bandeiras .

Artigo 27°. Prevencións

No caso da existencia de rachas de vento, a fin de previr posibles problemas de seguridade persoal e colectiva, a autoridade municipal ou os seus axentes e o persoal de salvamento e socorrismo, poderá ordenar o peche de todo tipo de parasoles, cadeiras, hamacas, etc.

Igualmente, poderase ordenar a retirada daquelas cadeiras, hamacas, ou calquera elemento disposto en chan da praia que estea oxidado ou visiblemente deteriorado para evitar calquera tipo de posible dano físico ou contaminación.

CAPÍTULO V A PRESENZA DE ANIMAIS NA PRAIA DE LAXE

Artigo 28°. Presenza

O obxecto do presente capítulo é o de prever e controlar as molestias e perigos que os animais poidan causar, tanto ás persoas como ás instalacións.

Queda prohibida a presenza de animais na praia de Laxe dentro da tempada de baño. En todo caso fora da devandita tempada, a presenza de animais na praia estará suxeita ao cumprimento das condicións de seguridade, hixiénico-sanitarias e de convivencia cidadá establecidas na presente Ordenanza e nas disposicións municipais relativas á presenza de animais na contorna humana e no seu caso á lexislación específica vixente.

En calquera caso, o propietario ou acompañante do mesmo, considérase responsable das actuacións que o animal realice, e prexuízos que ocasione ás persoas, cousas e ao medio en xeral, con relación ao sancionado na presente Ordenanza e no non previsto na mesma, o establecido nas disposicións vixentes nesta materia.

Artigo 29°. Prevencións

As persoas que conduzan cans e outros animais deberán impedir que estes realicen as súas deposicións na praia.

En calquera caso, o condutor do animal está obrigado a recoller e retirar os excrementos, ata debendo limpar a parte da vía pública que fose afectada.

Artigo 30°. Excepcións

Permítese a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio a persoas necesitadas, cando as circunstancias así o aconsellen.

Así mesmo, permítese a presenza de cans de asistencia (aqueles adestrados para o acompañamento, condución e auxilio de persoas con discapacidade, debendo estar debidamente acreditados e identificados) en compañía da persoa a quen sirvan, sen prexuízo da responsabilidade do seu propietario nin das medidas que deba adoitir para evitar molestias ou riscos ó resto dos usuarios.

CAPÍTULO VI A PESCA

Artigo 31°. Da actividade

Nas zonas de baño ou durante a tempada de baño, prohíbese a pesca dentro da zona habilitada para o baño dentro da praia de Laxe, excepto entre as 21 e as 9 horas ambas inclusive, en evitación dos danos que os aparellos utilizados poidan causar ao resto dos usuarios.

No entanto, calquera actividade de pesca deportiva realizada dentro do horario establecido, quedará supeditada á ausencia de usuarios na praia.

En casos excepcionais, tales como feiras, concursos, ... poderá autorizarse a práctica da pesca, debendo respectar os participantes os lugares, horarios e condicións que estableza a autorización do organismo competente.

Artigo 32°. Restricións

En orde á protección e seguridade dos usuarios da praia, non se permite:

a) A entrada e saída ao mar desde a praia aos/as pescadores/as submarinos co fusil cargado, así como a manipulación en terra deste ou doutros instrumentos de pesca submarina que poidan supor un risco para a seguridade das persoas.

b) A manipulación en terra de calquera instrumento de pesca que poidan supor un risco para a seguridade das persoas.

CAPÍTULO VII CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NA PRAIA DE LAXE

Artigo 33°. Norma xeral

Constitúen as praias un ben de dominio público. Tanto na súa modalidade de uso, como de servizo público; prohíbese expresamente o uso privativo das mesmas.

Queda prohibido en toda a extensión da praia, incluíndo a zona de dunas, o estacionamento e a circulación de vehículos de calquera tipo, de dous ou máis rodas, por tracción mecánica ou animal, e expresamente as motos ou quads. Exímense de devandita prohibición os vehículos de urxencia, seguridade e servizos municipais ou outros expresamente autorizados para as persoas con diversidade funcional, así como a utilización na auga do mar dos deseños especialmente para tal fin.

Artigo 34º.- Excepcións.

A prohibición a que se refire o artigo anterior non será de aplicación a aqueles vehículos que con carácter diario, proceden á limpeza, mantemento e vixilancia das praias, tales como motos, tractores e máquinas limpapraias

Os referidos vehículos non poderán quedar estacionados na praia ou zona de baño, debendo retirarse unha vez terminado a actuación que motivo o seu acceso á referida praia ou zona de baño.

CAPÍTULO VIII AS ACAMPADAS NA PRAIA**Artigo 35º. Acampada**

Non está permitida durante todo o ano e a calquera hora, a instalación de tendas de campaña, así como as acampadas ou campamentos de calquera duración de tempo nas nosas praias por razóns de protección dos espazos de interese natural paisaxístico ou cultural. Para unha mellor utilización e goce da nosa praia, só serán permitidos parasoles totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras e mesas de complemento.

Artigo 36º. Ocupación

a) Queda prohibido deixar instalados os elementos enunciados no punto anterior, sempre que non se atopen presentes os seus propietarios, polo só feito de ter reservado un lugar na praia.

b) Os empregados municipais ou a policía local poderán retirar os elementos instalados irregularmente, e depositalos en dependencias municipais.

c) Unha vez retirados devanditos elementos ou depositados en dependencias municipais, só poderán ser devoltos aos seus donos cando presenten un xustificante que acredite a súa propiedade.

d) Independentemente do anteriormente establecido, o infractor deberá facer efectiva a sanción, se é o caso, antes de retirar os utensilios das dependencias municipais.

Artigo 37º. Autorización

Calquera tipo de ocupación de praia, deberá dispor de autorización expresa da autoridade competente.

CAPÍTULO IX A VARADA DE EMBARCACIÓNS**Artigo 38º. Navegación**

a) De acordo co disposto no Regulamento de Costas, nas zonas de baño, debidamente balizadas, non estará permitida a navegación deportiva e de recreo así como a utilización de calquera tipo de embarcación ou medio flotante movido a motor ou a vela. O lanzamento ou a varada de embarcacións deberá facerse a través de canles debidamente sinalizadas.

Esta prohibición, non será de aplicación a aquelas embarcacións oficiais ou medios que se utilicen para a realización dos servizos de limpeza de residuos flotantes, vixilancia, salvamento ou socorrismo. Estas, non deberán superar a velocidade de tres nós, salvo causa de forza maior ou salvamento, debendo adoptarse neste caso as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

b) O Concello poderá establecer zonas de lanzamento-varada ou zonas náuticas, sinalizándoas convenientemente. As embarcacións a motor ou vea deberán utilizar estas zonas náuticas obrigatoriamente. O Concello poderá balizar zonas para embarcacións ou medios flotantes a vela exclusivamente.

Artigo 39º. Espazo público

a) Non se permite a ocupación de espazo público sen autorización, así como o abandono en zona pública de obxectos, artefactos, elementos que se enuncian a continuación: embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, remos e similares.

b) En tales casos procederase pola autoridade competente correspondente ao levantamento do acta respectiva descritiva da situación, característica do artefacto, obxecto ou elemento e titularidade. A continuación, requirirase ao infractor, titular, para que se retire o elemento en cuestión nun prazo de 24 horas, indicando, a modo de advertencia, no mesmo requirimento, que en caso de incumprimento do mesmo, servirá o requirimento de orde de execución da retirada inmediata por incumprimento unha vez transcorridas 24 horas antes indicadas, efectuándose de forma subsidiaria polo Concello e con repercusión dos custos municipais a cargo do infractor titular, depositándose en recinto municipal.

c) Caso de ser imposible o requirimento, a pesar de ter identificado ao infractor titular, por non localización do mesmo, procederase de forma cautelar á retirada, facendo constar o inspector no acta tal circunstancia, expondo no taboleiro municipal tal medida de retirada.

d) En caso de non existir medio identificativo da titularidade do obxecto, artefacto ou elemento, procederase a reflectir no acta tales extremos e quedará facultado o/a inspector/a para proceder á retirada a modo de medida cautelar dos obxectos, artefactos, elementos antes enunciados e o seu depósito en recinto municipal habilitado a tales efectos.

e) En todos os casos antes relatados en que non estea presente o infractor ou titular, ao momento de procederse polo servizo municipal á retirada do obxecto, artefacto ou elemento, procederáse á súa publicación no taboleiro municipal para o seu coñecemento.

Artigo 40°. Embarcacións

Todas as embarcacións que naveguen pola costa deberán en todo momento cumprir as normas establecidas respecto diso pola Capitanía Marítima correspondente, incluíndo as embarcacións de salvamento e rescate, así como calquera embarcación de servizo estatal, autonómico ou local.

CAPÍTULO X A PRÁCTICA DE XOGOS E DEPORTES NA ZONA DE BAÑO

Artigo 41°. Actividades

- a) O paseo, a estancia ou o baño na praia ou no mar, teñen preferencia sobre calquera outro uso.
- b) O desenvolvemento de actividades, como xogos de pelota, paletas e outros exercicios poderanse realizar sempre que non supoñan unha molestia para o resto dos usuarios.
- c) Poderán desenvolverse as actividades deportivas ou lúdicas nas zonas que, con carácter permanente, teña dedicadas o Concello á práctica de diversos deportes, xogos infantís..., ou que estean debidamente balizadas ou sexan visibles ao resto de usuarios.

Artigo 42°. Deportes acuáticos

Nas zonas de baño ou durante a tempada de baño, poderanse habilitar zonas, adecuadamente sinalizadas, para a práctica da actividade deportiva de Surf, Windsurf, ou outros deportes similares a fin de evitar os danos que a súa práctica poden causar ao resto de usuarios. Sen embargo, calquera actividade deportiva que se realice dentro do horario permitido, quedará supeditada á ausencia de usuarios nas zonas de auga de baño onde se estea practicando devandita actividade.

Poderase exceptuar do anterior os casos excepcionais, tales como os concursos, podendo autorizarse as prácticas deportivas citadas. Os organizadores e participantes, deberán respectar os lugares, horarios ou condicións que estableza o Concello. Nestes casos, a práctica deportiva farase en lugares debidamente sinalizados e con carácter temporal.

CAPÍTULO XI A VENDA NON SEDENTARIA

Artigo 43°. Venda ambulante

Considérase venda non sedentaria, a venda ambulante e a realizada en puntos non estables por vendedores habituais ou ocasionais.

O Concello regula nunha ordenanza o exercicio da venda fóra de establecemento comercial, na súa modalidade de venda non sedentaria, no termo municipal.

Prohíbese a venda ambulante daqueles produtos cuxa normativa específica así o estableza e todos aqueles carentes dunha autorización municipal específica en particular, bebidas e produtos alimenticios en xeral.

A autorización municipal especificará o tipo de produtos que poidan ser obxecto de venda, así como o lugar ou lugares precisos onde deba exercerse e as datas e horario en que poderá levar a cabo.

Artigo 44°. Mercancía

A autoridade municipal ou os seus axentes, poderán requisar a mercancía a aquelas persoas non autorizadas que realicen a venda de calquera tipo de mercancía na praia.

Unha vez retirada a mercancía, esta só poderá ser devolta cando se presente un xustificante que acredite a súa propiedade.

Independentemente do anteriormente expresado, o infractor deberá facer efectiva a sanción antes de retirar a mercancía das dependencias municipais.

TÍTULO III AS PRAIAS DE SOESTO, ARNADO E TRABA

Artigo 45°. Introducción

O presente título ten como finalidade regular a xestión e o disfrute das praias de Soesto, Arnado e Traba. Estas praias gozan dun alto valor medioambiental, e están protexidas pola rede natura 2000 pois todas elas están incluídas no LIC e ZEPA Costa da Morte (lugar de interese comunitario e zona especial de protección de aves respectivamente).

A finalidade da xestión municipal é preservar estes contornos tal e como se atopan hoxe, por tanto necesitan unha xestión diferente á que fai para a praia urbana de Laxe.

Estes areas deben contribuír a promocionar turisticamente o noso concello e converterse en fonte de ingresos para os veciños. A estas praias preténdese atraer un turismo de natureza.

O Concello de Laxe é consciente do alto valor medioambiental destas praias, e por iso asume como un principio reitor da xestión das mesmas a consecución, mantemento e preservación de diferentes sistemas de xestión medioambiental, en especial a ISO 14001 e o EMAS. Estes distintivos contribuirán a facer unha mellor xestión destas praias e promocionar estes lugares como verdadeiros espazos naturais para seren disfrutados por todos e todas.

Todo este esforzo vai encamiñado a converter o Concello de Laxe nunha das referencia na Costa da Morte e en Galicia en política medioambiental e turística.

Artigo 46°. Normas de uso

A utilización das praias de Soesto, Arnado e Traba será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordes coa natureza daquelas, sempre que se realicen de acordo coas leis, regulamentos, e coa presente ordenanza. O Concello de Laxe poderá prohibir o acceso a determinadas zonas das mesmas cando prevezan cuestións de carácter medioambiental. Para tal efecto sinalizarase mediante carteis as zonas polas que non se pode camiñar ou acceder. Os usuarios destas praias deberán camiñar polas pasarelas ou camiños habilitados para o acceso ás praias evitando poñer en todo momento en risco as plantas que crecen nas dunas ou arredores.

A protección medioambiental está por riba de calquera outro uso que se queira facer destas praias. De tódolos xeitos o paseo e a estancia nas devanditas praias estará permitido.

Artigo 47°. Autorización municipal.

A realización de calquera tipo de actuación ou disposición de obxectos, aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación da presente ordenanza, deberá dispor da preceptiva autorización municipal.

Artigo 48°. Limpeza, residuos, hixiene das praias, emprazamentos e calidade das augas

O Concello de Laxe realizará a mesmas tarefas de limpeza que fai na praia de Laxe nestas tres praias, pero non coa mesma periodicidade. O Concello de Laxe queda vinculado a manter limpas estas praias durante a época estival, e por tanto os operarios municipais recollerán o lixo e os verquidos que houberen segundo as necesidades do servizo e nun horario que establezan as autoridades municipais.

O Concello de Laxe disporá a instalación de papeleiras nestas praias, dependendo das necesidades de cada zona. Nas praias de Soesto, Arnado e Traba tamén haberá colectores de recollida selectiva de lixo segundo as necesidades. A limpeza destas praias realizarase segundo se estableza polas autoridades municipais tanto no verán como no inverno.

1. Concienciación cidadá: O Concello, a través da Oficina de Información Turística, poderá realizar campañas de sensibilización ambiental e protección do medio ambiente mediante as accións divulgativas que estime oportunas.

Queda prohibido calquera acto que puidese ensuciar estas praias, estando obrigado o responsable á limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos.

2. Residuos: Queda prohibido aos usuarios destas praias arroxar calquera tipo de residuos á praia ou ao mar como papeis, restos de comida, latas, botellas, cascas de froitos secos, ..., así como deixar abandonados nas mesmas mobles, carriños, caixas, embalaxes, ... debéndose utilizar as papeleiras ou colectores que se instalen a tal fin.

Calquera infracción a este artigo será sancionada, quedando ademais o infractor obrigado á recollida dos residuos por el arroxados.

En orde a manter a hixiene e salubridade, este Concello adoptará as medidas oportunas de control das verquidos e depósitos de materiais.

3. Normas de carácter hixienico-sanitario:

Non estará permitido:

- a) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia.
- b) Lavarse no mar ou na praia utilizando xabón, xel, xampú ou calquera outro produto similar.

Estas praias carecerán de aseos e baños fixos. O Concello, atendendo as necesidades dos usuarios, poderá instalar baños químicos de carácter temporal. Estas praias carecerán de calquera infraestrutura hixienico-sanitaria de carácter permanente, só quedando autorizadas aquelas infraestruturas de carácter temporal.

Non se permite limpar os aveños de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou xampú ou calquera outro produto deterxente, pintar, deteriorar, ... nos regatos de auga destes lugares así como na auga do mar, sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse.

Naquelas zonas onde se realice algún tipo de actividade, xa sexa permanente ou temporal, os seus responsables deberán manter durante o exercicio das mesmas, as debidas condicións de limpeza e salubridade.

Co fin de facilitar a limpeza das praias, durante a época estival non se permitirá instalar calquera elemento que entorpeza o paso dos servizos de limpeza dentro do período horario que regulamentariamente se estableza.

4. Deposito de residuos:

a) Non se permite realizar nestas tres praias, faenas de limpeza de artes e aveños pesqueiros así como de mantemento de embarcacións.

b) Quen vulnere esta prohibición, a requirimento verbal dos axentes da autoridade, deberán retirar de inmediato os residuos que se produzan e proceder ao seu inmediato depósito nos lugares establecidos por esta e outras ordenanzas municipais e sen prexuízo da sanción que lle poida corresponder.

5. Seguridade: En orde á seguridade dos usuarios destas praias e ao mantemento e hixiene das mesma prohibese:

a) Realizar lume directamente no chan da praia (areas, pedras ou rochas), agás naquelas datas que por especial significación se autoricen expresamente por parte do Concello e polos organismos competentes.

b) O uso de bombonas de gas e/ou líquidos inflamables nas praias. Exclúese a subministración de excepción do combustible utilizado para prover os motores das embarcacións nas zonas de varada, cuxa manipulación haberá de realizarse seguindo as máis estritas normas de seguridade e baixo a responsabilidade da persoa que o realice.

c) Cociñar na praia, salvo nas zonas habilitadas a tal efecto.

6. Dereito de información:

a) Os usuarios terán dereito a ser informados polo Concello da falta de aptitude para o baño, das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes.

b) A tal fin o Concello facilitará, a quen así o solicite, información actualizada das calidades das augas do baño.

O Concello dará a publicidade necesaria aos informes sobre a calidade das augas que se emitan durante a época estival.

7. Autorización de emprazamentos nas praias: Non se permite a instalación de establecementos de comida ou doutra índole nestas praias tanto de carácter temporal como permanente. Tampouco se permite os soportes publicitarios e a publicidade comercial en xeral nestas tres praias.

Artigo 49°. Vixilancia, salvamento, socorrismo e seguridade nas praias de Soesto, Arnado e Traba

As praias de Soesto, Arnado e Traba carecerán de sistemas de vixilancia, salvamento, socorrismo e de seguridade na praia. Son praias non recomendadas para o baño. Aqueles bañistas que tomen o baño nelas farano baixo a súa estrita responsabilidade.

O Concello de Laxe poñerá carteis que indiquen que a praia non é apta para o baño.

No caso que se produza calquera percance, os usuarios das mesmas terán que chamar o 062 ou 112.

Artigo 50°. Presenza de animais

Permítese a presenza de animais nestas tres praias durante todo o ano. En todo caso a presenza de animais nas praias estará suxeita ao cumprimento das condicións de seguridade, hixiénico-sanitarias e de convivencia cidadá establecidas na presente Ordenanza e nas disposicións municipais relativas á presenza de animais na contorna humana e no seu caso á lexislación específica vixente.

En calquera caso, o propietario ou acompañante do mesmo, considérase responsable das actuacións que o animal realice, e prexuízos que ocasione ás persoas, cousas e ao medio en xeral, con relación ao sancionado na presente Ordenanza e no non previsto na mesma, o establecido nas disposicións vixentes nesta materia.

As persoas que conduzan cans e outros animais deberán impedir que estes realicen as súas deposicións na praia.

En calquera caso, o condutor do animal está obrigado a recoller e retirar os excrementos, ata debendo limpar a parte da vía pública que fose afectada.

Artigo 51°. A pesca

Permítese a pesca dende embarcación ou desde a mesma praia durante todo o ano. Os pescadores deberán cumprir co que establezan as normativas autonómicas e estatais sobre esta materia. De tódolos xeitos os que pesquen nestes lugares deberán contar cos permisos pertinentes expedidos polas autoridades competentes e respectar e non molestar na medida do posible ós outros usuarios das praias.

Artigo 52°. Circulación de vehículos.

Queda prohibido en toda a extensión da praia, incluíndo a zona de dunas, o estacionamento e a circulación de vehículos de calquera tipo, de dous ou máis rodas, por tracción mecánica ou animal, e expresamente as motos ou quads. Exímense de devandita prohibición os vehículos de urxencia, seguridade e servizos municipais ou outros expresamente autorizados para as persoas con diversidade funcional, así como a utilización na auga do mar dos deseñados especialmente para tal fin.

Artigo 53°. A Acampada

Non está permitida durante todo o ano e a calquera hora, a instalación de tendas de campaña, así como as acampadas ou campamentos de calquera duración de tempo nestas praias por razóns de protección dos espazos de interese natural paisaxístico ou cultural. Para unha mellor utilización e goce das nosas praias, só serán permitidos parasoles totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras e mesas de complemento. Calquera instalación autorizada deberá ser retirada o remate do día.

Calquera tipo de ocupación de praia, deberá dispor de autorización expresa da autoridade competente.

Artigo 54°. Navegación de embarcacións

En canto a navegación e varado de embarcacións nestes lugares disporase do que estea establecido no regulamento de Costas e calquera outra disposición normativa estatal ou autonómica ó respecto. Non haberá zonas habilitadas para a varada de embarcacións nestas praias. Os usuarios das embarcacións terán que ter precaución cos usuarios que se atopen nese momento na praia.

Artigo 55°. Espazo público

Non se permite a ocupación de espazo público sen autorización, así como o abandono en zona pública de obxectos, artefactos, elementos que se enuncian a continuación: embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, remos e similares.

En tales casos procederase da mesma forma que na praia de Laxe.

Todas as embarcacións que naveguen pola costa deberán en todo momento cumprir as normas establecidas respecto diso pola Capitanía Marítima correspondente.

Artigo 56°. Práctica de xogos e deportes nas praias

Nestas praias está permitido a práctica de deportes acuáticos, en especial do surf e do windsurf sen limitación ningunha, salvo que unha normativa de rango estatal ou autonómico estableza o contrario. Os que practiquen deportes acuáticos nestas praias terán que non molestar os demais usuarios da mesma, e en todo momento deberán cumprir unhas normas de seguridade que permitan non poñer en perigo ós demais usuarios da praia.

Os riscos contra a súa seguridade e a dos demais serán responsabilidade dos practicantes destes deportes e terán que responder polos danos que provoquen antes as autoridades competentes.

No caso de campionatos deportivos nestas praias, os organizadores e participantes, deberán respectar os lugares, horarios ou condicións de seguridade que estableza o Concello. Nestes casos, a práctica deportiva farase en lugares debidamente sinalizados e cun carácter temporal.

A práctica de xogos só estará permitida nos lugares establecidos para tales efectos.

Artigo 57°. A venda ambulante

Queda prohibida a venda ambulantes nas praias de Soesto, Arnado e Traba.

TÍTULO IV RÉXIME SANCIONADOR**Artigo 58°. Infraccións**

As infraccións das normas desta Ordenanza serán sancionadas pola Alcaldía dentro do ámbito das súas competencias, previa incoación do oportuno expediente no que se terá en conta as circunstancias que concorran en cada caso. Todo iso, sen prexuízo de pasar o tanto de culpa ao Xulgado ou remisión de actuacións practicadas ás autoridades competentes, cando así o determine a natureza da infracción.

Artigo 59°. Restauración

Ademais da imposición da correspondente sanción, a Administración municipal adoitará as medidas pertinentes para a restauración da realidade física alterada e a orde xurídica infrinxido, coa execución subsidiaria, se procede, das actuacións ao cargo do infractor.

Artigo 60º. Graduación

- a) As infraccións, tipificadas na lexislación específica, serán sancionadas coas medidas e multas nela fixadas.
- b) As infraccións a esta Ordenanza clasificaranse en:
 - Leves.
 - Graves.
 - Moi graves.

Artigo 61º. Infraccións leves.

- a) A realización de actividades como xogos de pelota, paletas ou outros exercicios, nas zonas e augas de baño, que poidan molestar ou causen prexuízos ao resto de usuarios.
- b) O incumprimento das normas de limpeza por parte do usuario da praia que non se consideren graves no artigo seguinte.
- c) O uso de aparello sonoro ou instrumento musical cando polo seu volume de sonoridade causen molestias aos demais usuarios das praias.
- d) O uso indebido da auga das duchas e lavapés así como, lavarse no mar ou na praia utilizando xabón ou calquera outro produto de aseo corporal.
- e) Deixar instalados parasoles totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras, mesas ou outros complementos, sempre que non se atopen presentes os seus propietarios, polo só feito de ter reservado un lugar na praia.
- f) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia.
- g) A venda ambulante sen autorización expresa, salvo que por normativa específica regúlese outro tipo de sanción.
- h) A práctica de surf, windsurf e outros deportes similares incumprindo as normas establecidas na presente Ordenanza e a varada ou permanencia de embarcacións, táboas de windsurf, hidropedais, motos acuáticas, etc., fóra das zonas sinaladas e destinadas a tal fin.
- i) Practicar a pesca en lugar ou en época non autorizada, salvo que por normativa específica regúlese outro tipo de sanción.
- j) Calquera outra infracción a esta Ordenanza que non estea expresamente cualificada como falta grave ou moi grave.

Artigo 62º. Infraccións graves.

- a) As que reciban expresamente esta cualificación nesta Ordenanza ou na lexislación sectorial aplicable.
- b) Bañarse cando estea izada a bandeira vermella.
- c) Facer lume na praia, así como usar parrillas, bombonas de gas ou outros utensilios para facer lume, sen a autorización correspondente.
- d) Terá a consideración de infracción grave, o uso de escopeta submarina ou arpón que pola súa proximidade poida supor risco para a saúde e seguridade das persoas.
- e) O incumprimento das normas de limpeza por parte dos titulares dos servizos de tempada da praia, ou de calquera outra actividade autorizada polo órgano competente.
- f) O depósito en papeleiras e similares de materiais en combustión por parte dos usuarios das praias.
- g) A presenza de animais na praia durante a tempada de baño.
- h) Dificultar, de xeito intencionado, as funcións do servizo público de salvamento recollidas no Capítulo IV Título II da presente Ordenanza.
- i) O incumprimento dos requirimentos específicos que formule a Administración municipal, sempre que se produza por primeira vez.
- j) A resistencia a facilitar información ou fornecer información ou documentación falsa, inexacta, incompleta ou que induza a erro, implícita ou explicitamente ou non prestar colaboración á Administración municipal e/ou aos seus axentes.
- k) O uso de vehículos non permitidos por toda a extensión da praia, en particular motos ou quads.
- l) A reincidencia na comisión de infraccións leves.

Artigo 63º. Infraccións moi graves:

- a) As que reciban expresamente esta cualificación na presente Ordenanza ou na lexislación sectorial aplicable.
- b) A vertedura e depósito de materias que poidan producir contaminación e risco de accidentes.
- c) Realizar calquera ocupación con instalación fixa ou desmontable sen contar con preceptiva autorización.

d) A circulación de embarcacións non autorizadas dentro da zona habilitada para o baño, poñendo en risco a saúde e a integridade dos bañistas.

e) A causa de calquera tipo de impacto negativo sobre a fauna e flora tanto litoral como mariña.

f) As que se realicen de forma consciente e deliberada, sempre que se produza un dano grave.

g) O incumprimento reiterado dos requirimentos específicos formulados pola Administración municipal.

h) A reincidencia na comisión de faltas graves nos últimos tres anos.

TÍTULO V SANCIONES

Artigo 64º. Sancións.

As sancións por infracción da presente Ordenanza serán as seguintes:

Apercibimento

a) Infraccións leves: multa dende 60,00 ata 300,00 euros.

b) Infraccións graves: multa desde 301,00 ata 1.500,00 euros.

c) Infraccións moi graves: multa desde 1.501,00 ata 3.000,00 euros.

Artigo 65º. Gradación das sancións.

a) Cando as disposicións legais non establezan outra cualificación a determinación da contía das infraccións á presente Ordenanza dependerá da posibilidade de producir un risco ou perigo para a saúde e seguridade das persoas, ao medio ambiente e ao contorno, en xeral.

b) Na fixación das multas terase en conta, en todo caso, que a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

Artigo 66º. Responsabilidade.

a) Son responsables das sancións tipificadas nesta Ordenanza, todas aquelas persoas que participasen na comisión do feito infractor por calquera título, sexan persoas físicas ou persoas xurídicas. Excepto nos supostos nos que sexan menores de idade, onde responderán os pais, tutores ou aqueles que dispoñan da custodia legal.

b) Son responsables, subsidiariamente, en caso que non se poida identificar aos autores, os titulares ou propietarios dos vehículos ou embarcacións cos que se realice a infracción.

c) En relación aos animais, en ausencia do propietario será responsable subsidiario a persoa que no momento de producirse a acción leva o animal.

d) Son responsables os titulares das licenzas ou autorizacións, cando por motivo do exercicio dun dereito concedido nas mesmas, realícese algunha das infraccións tipificadas na presente Ordenanza.

Artigo 67º. Procedemento

O procedemento aplicable ao expediente sancionador será aquel previsto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398/1993 (Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora).

Laxe, 10 de abril de 2009

O alcalde,

Antonio Carracedo Sacedón